

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Bases do XXIV Premio Investigación Concello de Pontedeume

ANUNCIO

Bases reguladoras que rexerán o XXIV Premio de Investigación concello de Pontedeume,

Por medio de decreto número 330/2021 de 07/06/2021, resolveuse a aprobación das “Bases reguladoras que rexerán o XXIV Premio de Investigación concello de Pontedeume”, que se transcriben a continuación:

“XXIV PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME”

1.- O tema da investigación versará sobre aspectos de Pontedeume e a súa Comarca dende a perspectiva da descrición propia da Etnografía ou das interpretacións propias da Antropoloxía Social e Cultural e da Etnohistoria.

2.- Establécese un único premio dotado coa cantidade de 1.140 € *.

3.- A lingua empregada nos traballos será a galega.

4.- Poderán optar a este premio cantas persoas o desexen, de forma individual ou colectiva. Os traballos serán inéditos e que non teñan optido ningún premio anteriormente. Entregaranse orixinais e catro copias en tamaño folio, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 100, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que os ilustren.

5.- As obras poderán presentarse directamente ou ben ser remitidas por correo certificado ao Rexistro Xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume, (Rúa Real, 13 - 15600 Pontedeume - A Coruña) en sobre pechado co título da investigación e o lema do autor, acompañado doutro sobre pequeno no que conste o auténtico nome e apelidos do autor así como o seu teléfono e o enderezo e fotocopia do D.N.I.

6.- O prazo de presentación remata o 20 de agosto de 2021.

7.- A decisión do xurado será inapelable. O nome das persoas que o compoñen así como a súa decisión comunicárase aos participantes e público en xeral o día da entrega do premio, e difundirase a través dos medios de comunicación.

8.- A resolución final do xurado darase a coñecer o día 29 de outubro de 2021.

9.- O premio poderá quedar deserto de non existiren traballos de calidade a xuízo do xurado.

10.- Os organizadores do premio resérvanse o dereito de cancelar o premio ou resolver os imprevistos sen estar na obriga de comunicarllelo previamente aos participantes.

11.- O traballo premiado, así como aqueles que o xurado considere de interese serán publicados na revista de investigación local Cátedra. Revista eumesa de estudos.

12.- A participación neste premio de investigación implica a aceptación das presentes bases.

* Este premio está suxeito á retención vixente do I.R.PF (R.I.R.PF. art. 70)

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do contido do dito decreto.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontedeume a 16 de xuño de 2021.

2021/5511